

## PROCESO SELECTIVO LISTA POSTO EDUCADOR/A –EDUCADOR/A TITOR/A

### Primeiro exercicio (exame B)

- 1) O procedemento de “habeas corpus”, recollido no artigo 17 da Constitución, pretende:
  - a) Acurtar a situación de prisión provisional
  - b) Concluir coa situación de detención preventiva
  - c) Pór inmediatamente a disposición xudicial a unha persoa detida ilegalmente
  
- 2) Quen elixe ao Presidente da Xunta?
  - a) O Parlamento de Galicia
  - b) O Consello da Xunta
  - c) O Rei
  
- 3) Unha das características da alimentación entre os 3 e 6 anos é:
  - a) O gusto polos alimentos novos
  - b) O gusto polos doces
  - c) O rexeitamento dos alimentos novos
  
- 4) Debemos ensinar ás nenas e nenos de 0 a 3 anos a:
  - a) Utilizar os cubertos e vasos
  - b) Lavarse as mans antes de coller a comida
  - c) Ambas son correctas
  
- 5) Como debe actuarse ante un accidente infantil:
  - a) Se non se sabe o que hai que facer o mellor é non facer nada e solicitar axuda
  - b) Se é necesario débese improvisar
  - c) Actuar con tranquilidade utilizando o tempo necesario
  
- 6) Son principios básicos a considerar no aseo da/o nena/o:
  - a) Non interromper a hora do baño
  - b) Concederlle o tempo que sexa necesario
  - c) Ambas son correctas

- 7) Como norma xeral, a que idade como norma xeral a nena ou neno está suficientemente adestrado no control de esfínteres:
- a) Con 34 meses
  - b) Con 38 meses
  - c) Con 42 meses
- 8) O Título I da Constitución trata de:
- a) As garantías das liberdades e dereitos fundamentais
  - b) As liberdades públicas
  - c) Os dereitos e deberes fundamentais
- 9) A Constitución recoñece e protexe o dereito:
- a) A expresar e difundir libremente o pensamento, ideas e opinións
  - b) Á produción e creación literaria, artística, científica e técnica
  - c) Todas as opcións son correctas
- 10) Segundo a Constitución:
- a) Para quen atente contra o medio ambiente non poderán establecerse sancións administrativas. Estableceranse sancións penais, así como a obriga de reparar o dano causado.
  - b) Os poderes públicos velarán pola utilización racional dalgúns recursos naturais.
  - c) Todos teñen dereito a gozar dun medio ambiente axeitado, así como o deber de conservalo
- 11) Os nenos gozarán, segundo a Constitución, da protección prevista:
- a) Nos acordos internacionais que velen polos seus dereitos
  - b) Na Lei Xeral da infancia
  - c) No estatuto dos traballadores
- 12) As liberdades de cátedra, de produción e de creación artística, en que dereito ou liberdade fundamental se encadran?
- a) No dereito á educación e liberdade de ensino
  - b) Na liberdade de expresión
  - c) Na liberdade ideolóxica e relixiosa

13) O dereito de asilo recoñécese:

- a) Aos estranxeiros e apátridas en calquera caso
- b) Só aos estranxeiros
- c) Aos estranxeiros e apátridas nos termos que estableza a lei

14) No proceso de aprendizaxe da identidade e o papel sexual, os contos infantís, libros, vídeos, programas de televisión son:

- a) Modelos reais
- b) Modelos exemplares
- c) Modelos simbólicos

15) A posición de cautela ante as persoas descoñecidas desenvólvese:

- a) Cara ao quinto mes
- b) Cara ao oitavo mes
- c) Cara ao ano

16) O sentimento de pertenza a un ou outro sexo denomínase:

- a) Orientación sexual
- b) Identidade sexual
- c) Xenitalidade

17) Podemos asegurar que o estímulo visual preferido polo bebé de poucos meses é:

- a) Os xoguetes musicais
- b) Os xoguetes luminosos
- c) O rostro human

18) O pranto dun neno de 9 meses cando se vai a nai é unha conduta:

- a) Motriz
- b) De apego
- c) De orientación

19) O sentimento de ciumes aparece:

- a) Sobre os catros anos
- b) No segundo ano de vida
- c) Ao seis anos

20) Nos terrores nocturnos:

- a) A/o nena/o esperta angustiado contando o que soñou
- b) A/o nena/o esperta angustiado sen saber o que pasa
- c) A/o nena/o grita e axítase pero non se esperta

21) Para a/o nena/o o debuxo é unha forma de representar a realidade e atribúelle un significado ao redor de:

- a) Os 3 anos
- b) A partir dos 40 meses
- c) Os 4 anos

22) A memoria das nenas e nenos pequenos caracterízase por ser:

- a) Abstracta
- b) Subxectiva
- c) Obxectiva

23) Cal das seguintes funcións non corresponde coa figura de apego:

- a) Favorecer a evitación
- b) Buscar a supervivencia
- c) Adquirir seguridade

24) Das seguintes condutas da persoa adulta, sinala as adecuadas para responder á/a nena/o e favorecer a conduta de apego:

- a) Manter distancia física coa/a nena/o
- b) Utilizar a expresión xestual apoiando a expresión verbal
- c) Non globalizar as situacións nas que se dá a satisfacción de necesidades básicas primarias

25) O gateo e a reptación son actividades de:

- a) Psicomotricidade grosa
- b) Psicomotricidade fina
- c) Elaboración do esquema corporal

26) A/a nena/o nos primeiros anos estrutura o tempo en torno de:

- a) O ciclo natural de día e noite
- b) Os horarios da nai e o pai
- c) As actividades da súa vida cotiá

- 27) Respecto ao desenvolvemento da linguaxe é falso que:
- a) A/o nena/o de forma innata está preparada/o para aprender calquera idioma
  - b) Todos as/os nenas/os, excepto os xordos, balbucean
  - c) As nenas e nenos teñen máis linguaxe egocéntrico cando están acompañados que cando están soas/sos.
- 28) Entre as funcións da/o educadora/or no traballo coas familias está:
- a) Apoio á familia para mellorar as habilidades parentais
  - b) Valorar as dificultades psicosociais dos pais
  - c) Axudar á nai e ao pai a mellorar as súas condicións sociais
- 29) Entre os valores da intervención educativa con familias está:
- a) O respecto ás familias
  - b) A flexibilización de horarios
  - c) A recollida de información
- 30) A problemática familiar das nenas e nenos en atención de día residencial adoita ser:
- a) Familias con carencias educativas
  - b) Familias con deixamento parental
  - c) Non hai unha tipoloxía definida
- 31) A lexislación de funcionamento e organización interna dun centro de acollida debe incluír algún dos seguintes elementos:
- a) Contexto do centro
  - b) Dereitos e deberes do persoal
  - c) Conceptos e procedementos dos contidos de cada área
- 32) Os nenos que establecen un tipo de relación baseada na inseguridade e descontrol, desenvolveron un tipo de apego:
- a) Ansioso-ambivalente
  - b) Ansioso-evitativo
  - c) Ansioso-desorganizado
- 33) Cal dos seguintes non é un contido do PEI:
- a) Desenvolvemento afectivo e emocional
  - b) Contexto familiar
  - c) Contexto sanitario

34) As dificultades no control de esfínteres na infancia:

- a) Xeralmente están relacionadas con problemas fisiolóxicos
- b) Xeralmente están relacionadas con problemas emocionais
- c) Adoitan pasar coa idade e non teñen importancia

35) Os xoguetes deben situarse:

- a) No alto para que sexa a persoa adulta quen decida as actividades a realizar
- b) Ao alcance das nenas e nenos para favorecer a liberdade de elección e de acción
- c) No alto pero de modo que sexan visibles polas/os nenas/os, así estimulamos a linguaxe verbal, se necesitan pedir o que desexan

36) O xogo colaborativo dáse entre os nenos de:

- a) De 3 a 4 anos
- b) De 4 a 5 anos
- c) De 6 a 7 anos

37) O PEC é un instrumento que:

- a) Enumera e define os trazos de identidade do centro, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución
- b) Enumera e define os trazos de identidade do neno, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución
- c) Enumera e define os trazos de personalidade do neno, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución

38) A aprobación e avaliación do PEC é competencia de:

- a) Consello de Centro
- b) Comisión Educativa
- c) Comisión Técnica

39) O PEI é un instrumento para:

- a) Diseñar o traballo de apoio á familia nun centro de acollida á infancia
- b) Dar conta á administración competente da valoración da situación da/o nena/o
- c) As dúas son válidas

- 40) Para preparar a acollida residencial -non urxente- dunha nena ou neno será necesario:
- Recibir toda a documentación persoal, familiar, sanitaria e educativa
  - Que o persoal e as/os nenas/os do Fogar esperen a súa chegada e saiban algo del/a que lles permita facer unha acollida singular
  - Que a familia tramite o empadroamento no centro
- 41) Os protocolos de separación familiar dunha nena ou neno para acollemento residencial -non urxente- deberían considerar:
- Que a nai e o pai poidan coñecer previo ao ingreso o contorno física e ás persoas que se van a ocupar da súa filla ou fillo
  - Que a nai e o pai se vaian do centro cando as/os nenas/os estean entretidos e xogando
  - Que cando as/os nenas/os separar facilmente significa que o vínculo é débil
- 42) A provisión de contactos familiares coas nenas e nenos en acollemento residencial ten por obxectivo:
- Preservar e reforzar o vínculo familiar
  - Informar á nai e ao pai do comportamento das súas fillas e fillos e da evolución escolar
  - Que as nenas e nenos teñan un momento para compartir coa súa nai e o seu pai
- 43) Un centro con fogares é:
- Un equipamento residencial con unidades de convivencia para un máximo de 10 nenas/os onde fan unha vida normalizada
  - Un equipamento residencial con unidades de convivencia para un máximo de 10 nenas/os e con espazos comúns para comer, estudar, xogar, etc.
  - Un equipamento residencial con fogares e que combina fogares con vivendas tuteladas
- 44) O informe de seguimento debe incorporar:
- Contidos meramente descritivos da evolución do/a neno/a en cada contexto
  - Só datos obxectivos baseados na avaliación do PEI
  - Hanse de conxugar contidos informativos, valoracións e propostas
- 45) No primeiro momento da acollida residencial dunha nena ou neno deberá terse en conta:
- Que se faga unha boa acollida da familia
  - Que a/o nena/o traia as súas pertenzas favoritas
  - Que a/o nena/o non quede chorando

46) Os programas de atención de día para a infancia atenden prioritariamente as nenas e nenos en situación:

- a) De desamparo e alto risco social
- b) En risco e desvantaxe social
- c) De necesidade de reforzo social e educativo

47) A programación do traballo dun/unha educador/a debe incluír:

- a) As súas propostas sobre a alternativa familiar máis axeitada para cada menor do seu grupo
- b) A súa previsión de obxectivos e actividades
- c) O seu traballo debe ser espontáneo e auténtico na relación coas nenas e nenos

48) Nun acollemento residencial, a garda da/o menor recae en:

- a) A entidade pública competente
- b) A dirección do centro
- c) O Ministerio Fiscal

49) O traballo con familias nos programas de atención de día á infancia, poderá ter entre os seus obxectivos:

- a) Suplir ás figuras parentais por conciliación da vida familiar e laboral
- b) Traballar coas nais e pais habilidades que melloren as súas condicións para a crianza das súas fillas e fillos
- c) A axuda a domicilio ás familias

50) O protocolo de ingreso dunha nena ou neno en acollemento residencial, debe ter en conta:

- a) Que a familia perciba o acollemento como unha medida de axuda e apoio para a familia
- b) Que o máis importante é que as/os nenas/os non queden chorando ao separarse dos seus pais
- c) Que a nai e o pai dean o consentimento



## PREGUNTAS DE RESERVA:

- 1) Unha das seguintes non é función do/a titor/a en acollemento residencial:
  - a) A coordinación co profesorado, titoras/es educativos ou equipo de orientación dos centros educativos
  - b) Autorizar as saídas de viaxe das nenas e nenos organizados polo colexio
  - c) Facer as xestións para escolarizar ás nenas e nenos
  
- 2) Unha das seguintes funcións non é específica do/a titor/a en acollemento residencial:
  - a) Planificar e programar as actividades de lecer e tempo libre de cada menor ao seu cargo durante os fins de semana
  - b) Planificar e organizar os contidos das visitas familiares que se realizan dentro do centro
  - c) As saídas coas nenas e nenos ao cinema ou ás actividades lúdicas no contorno
  
- 3) Unha das seguintes non é unha función do/da titor/a en relación a autonomías das nenas e nenos en acollemento residencial:
  - a) Favorecer unha boa actitude ante as comidas
  - b) Valorar o nivel de madurez das/os nenas/os antes de iniciar un programa de control de esfínteres
  - c) Valoración de posibles disfuncións no control de esfínteres, a alimentación e o sono
  
- 4) Quen aproba a estrutura orgánica das Consellerías?
  - a) Os Conselleiros
  - b) A Xunta
  - c) O Presidente da Xunta
  
- 5) Segundo os disposto no artigo 35 da Lei Orgánica 1/1981, do Estatuto de Autonomía de Galicia ..
  - a) A Comunidade Autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos competencia do Estado, previa autorización do Goberno de España.
  - b) A Comunidade Autónoma non poderá establecer acordos de colaboración con outras comunidades autónomas, excepto autorización das Cortes Xerais por maioría absoluta dos seus membros.
  - c) A Comunidade Autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos propios de exclusiva competencia da mesma. A celebración dos citados convenios deberá ser comunicada ás Cortes Xerais.